



DEVORADORES DE HOMES

versos encaixaba perfectamente en calquera liña de todos os demais poemas. Ademais fixo que as follas fosen recortables en tiras, de forma que todas elas fosen intercambiáveis. Pois, efectivamente, a cantidade de poemas distintos que se poden compoñer con estes 140 versos é de 100 billóns. Se te atreves a intentalo, debes saber que, no caso de que poidas compoñer e ler un poema por minuto, tardarás 190 millóns de anos en acabalos todos.

GALILEO E OS CORPOS QUE CAEN

A velocidade coa que chega un corpo ao chan tras unha caída libre no baleiro vén dada por unha ecuación de segundo grao que relaciona o espazo e a velocidade.

A masa non intervéñ para nada. Así que a velocidade coa que chegan ao chan unha bóla de aceiro e unha de corcho é a mesma. Ese problema apaixonou a Galileo que, segundo contan, deixou caer desde a torre inclinada de Pisa dous obxectos de distinto peso para comprobar experimentalmente a súa teoría.

M o i t o tempo despois, cando se puido realizar o experimento nun tubo de vidro no que se fixera o baleiro, comprobouse que a teoría de Galileo era certa.

Belén Torreiro Martínez S3D



Os animais atacan aos bebés, esnaquízanos... ¿Que está a pasar? ¿Por que atacan ao home?

OSOS PARDOS. Un oso pardo matou e devorou a dous excursionistas en Alasca. Os biólogos que estudaron o caso consideraron que o ataque do oso produciuse ao verse ameazado no seu propio hábitat.

TIGRES. Unha tigresa aterrorizou a Nepal e o norte da India en 1907. Cando a mataron, xa acabara con 436 persoas. No momento da súa morte, a tigresa estaba devorando o cadáver dunha nena.

TIBURÓNS. A culpa de que hoxe asociemos o tiburón cun animal asasino tena o cine. Nos anos do tráfico de escravos e durante a Segunda Guerra Mundial, os combates navais do Pacífico e os naufraxios provocaron ataques de tiburóns atraídos polo olor do sangue. Isto desencadeou situacións de depredación que hoxe son anormais.

CROCODILOS. Os crocodilos máis perigosos para o home son os mariños, pola súa forza e tamaño. En 1945, mil xaponeses refuxiáronse nos manglares dunha illa fuxindo das tropas británicas. Durante o día, estes animais non se deixaron ver, pero pola noite cebáronse coas tropas.

Estes casos de diferentes animais demostra que, cando o ser humano irrompe no hábitat dun animal, este vólvese máis agresivo para



defender o seu territorio.
Sandra Rodríguez Amor
Ruth Garrido Ríos. B1C